



esquerda unida Nigrán

CULTURA

Introdución

A cultura considérase un factor fundamental da calidade de vida, unha dimensión esencial non só para a preservación das identidades, senón tamén para o benestar da cidadanía, a cohesión social e a creatividade dos diferentes grupos humanos. Por iso a candidatura de ESQUERDA UNIDA presta atención especial ao desenvolvemento dun programa específico de iniciativas culturais que complementen as xa existentes e establezan sinerxías entre as mesmas, que as fortalezan, eleven o seu nivel e estimulen o florecemento de novas actividades para o goce da veciñanza de Nigrán e do Val Miñor.

Tendo en conta a cantidade de edificios públicos existentes no Val Miñor que non son utilizados permanentemente ou son infrautilizados pensamos que moitas ou todas estas propostas pódense levar adiante sen necesidade de investimento en construción de novas infraestruturas. É urxente, pois, a confección dun catálogo de bens inmobles e o seu nivel de utilización.

Ademais desde o Concello débese promover a descentralización das actividades culturais, de forma que en colaboración cos Centros Culturais Parroquiais, se potencien as actividades culturais nas parroquias.

Neste senso, deberá facerse un esforzo para a programación de actividades culturais conxuntas e unha mellor coordinación das iniciativas existentes nos tres concellos do Val Miñor, tamén como ferramenta para desestacionalizar o turismo.

En concreto, comprometémonos:

- A coordinar a actividade cultural do Concello de Nigrán coa que se realiza nos outros concellos do Val Miñor, así como coas ofertas que realizan os colectivos culturais existentes en Nigrán.
- A crear na web do concello de Nigrán a “AXENDA DE OCIO DE NIGRÁN”, onde se publicitarían todas as actividades culturais realizadas polo concello ou o centros culturais das parroquias, grupos de teatro, música, etc. de Nigrán.
- Potenciar a descentralización das actividades culturais realizadas polo Concello de Nigrán en colaboración cos centros culturais parroquiais.
- A seguir apoiando a actividade do Cine Club do Val Miñor “Alice Guy” e a promover unha programación cinematográfica municipal infantil específica non bélica, nin

violenta, que transmita valores positivos.

- A promover a actividade teatral, buscando a coordinación entre os tres municipios da comarca, con especial atención ao teatro infantil.
- Dotar e facilitar de instalacións adecuadas para o desenvolvemento de actividades adecuadas (por exemplo talleres de pintura e gravado).
- Ampliación e adecuación do calendario de actividades culturais para persoas adultas ás súas necesidades que, non necesariamente teñen que ser as mesmas que as das actividades escolares.
- A converter Nigrán en referente dalgunha actividade cultural, como podería ser a Cerámica, ao igual que outros concellos son referentes en diferentes actividades culturais: Tui (Festival Play-Doc), Cans (Festival de Curtas) ou Redondela (Títeres). Imos a realizar novas actividades como podería ser a exhibición de cometas, e a realización de talleres durante todo o ano.
- A promover un movemento de apoio ás actividades a realizar na nova Biblioteca de Nigrán, nomeadamente no fomento da lectura para nenas e nenos, como tamén para persoas adultas.
- E comprometémonos, tamén, a continuar na normalización do galego como vehículo de comunicación en todas as actividades do concello. En concreto, promoveremos que o servizo municipal de normalización lingüística teña carácter estable, e non estacional. Todos os departamentos e servizos do concello deben utilizar o galego.